



ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN BANCARIA “LA CAIXA” E A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DA XUNTA DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA CAIXAPROINFANCIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social,

DECLARA:

Que a Xunta de Galicia considera imprescindible impulsar a colaboración público-privada no ámbito da loita contra a pobreza e a exclusión social e promover o traballo coordinado de todos os axentes que contribúen no territorio da nosa Comunidade Autónoma a desenvolver procesos de inclusión social para, deste xeito, garantir ás persoas en situación de vulnerabilidade e, especificamente, ás e os menores, unha atención de calidade, de carácter integral e no seu medio familiar e social.

Que, pola súa banda, a Fundación Bancaria “la Caixa”, desde a súa constitución, e como xestora de parte da Obra Social de “la Caixa”, dedicou numerosos esforzos económicos, estruturais e de organización humana a mellorar as condicións de vida das persoas, desenvolvendo programas, propios ou en colaboración con institucións públicas e privadas, dirixidos a diversos colectivos, que abarcan os ámbitos social, educativo, cultural, científico e ambiental. Entre estes programas, destaca o Programa CaixaProinfancia que ten como finalidade facilitar á infancia afectada por unha situación de pobreza e vulnerabilidade social o seu desenvolvemento integral e o incremento das súas oportunidades.

Que o obxecto do convenio é establecer un marco de colaboración a fin de coordinar os esforzos dirixidos a optimizar a aplicación do Programa CaixaProinfancia, baseado





nunha metodoloxía de actuación global que incide de forma integral na transformación e mellora da realidade da infancia e da familia, para o que require da coordinación en clave territorial de todos os axentes que traballan coas familias. Este programa está destinado a facilitar tanto a mellora da situación dos nenos e nenas e das súas familias, como a que desenvolvan as competencias e o compromiso necesario que lles permita asumir con autonomía devandito proceso de mellora.

Que CaixaProinfancia desenvólvese en determinados barrios das cidades da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Ferrol e Santiago de Compostela que presentan índices relevantes de pobreza infantil.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio de colaboración que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 13 de decembro de 2018.

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2018
O DIRECTOR XERAL DE INCLUSIÓN SOCIAL

Arturo Parrado Puente

